

Área: Servizos Médicos

Circular nº 02 - Temp. 21/22

RECOÑECEMENTOS MÉDICOS TEMPADA 21/22

Co fin de axilizar e axudar no proceso de tramitación de licenzas federativas aos nosos clubs, e como xa levamos a cabo na pasada tempada, a Federación Galega de Balonmán dende a Área de Servizos Médicos, facilitará a realización dos certificados médicos aos xogadores/as de cara a tempada 21/22, desprazando a un facultativo a cada localidade para proceder coas probas médicas pertinentes.

Lembramos que na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no 2019 no mes de xullo en Santiago de Compostela aprobouse a proposta por parte da FGBM de que non se esixa o certificado médico aos deportistas para tramitar as licenzas nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín (agás os/as xogadores/as que participen con categoría infantil); nas categorías anteriormente citadas será suficiente cunha autorización paterna para a tramitación das mesmas.

Dende a Federación Galega de Balonmán queremos comunicar que aínda que non sexa de carácter obrigatorio o certificado médico, recomendamos que na medida do posible todas/os as/os xogadoras/es pasen un control médico que acredite a súa aptitude para xogar ao balonmán.

REQUISITOS PARA A SOLICITUDE DO SERVIZO

Para que a Federación facilite este servizo será obrigatorio:

- A. Un mínimo de 40 xogadores/as (consultar se o número é inferior).
- B. Os/as deportistas ou os pais, nais ou titores legais (no caso de menores de idade) deben realizar un documento pre-certificado que incluíra a autorización familiar e os antecedentes médicos familiares e persoais de cada xogador/a. Este documento debe ser entregado ao facultativo antes da realización das probas médicas.
- C. Dispor dunha sala independente onde poder realizar as diferentes probas aos deportistas.
- D. Todos/as deportistas antes de entrar na sala habilitada deben desinfectarse as mans con xel hidroalcohólico, facer uso da alfombra desinfectante e levar a máscara posta. A

continuación, o facultativo da Federación Galega de Balonmán tomaralle a temperatura aos xogadores/as, podendo acceder tan só os/as que non superen os 37,5 graos. O equipo médico someterase aos test para a detección da COVID-19, para garantir que se atopan en perfecto estado de saúde.

O prezo por certificado médico será de 16€ (persoa) e facturárase directamente ao club.

O CERTIFICADO

O certificado persoal consistirá en:

- 1.- Antecedentes médicos (persoais e familiares) aportados nun documento que se dará previamente a cada xogador/a.
- 2.- Exploración cardiorrespiratoria (con auscultación completa, TA, FC e pulsos periféricos).
- 3.- Exploración do aparato locomotor.
- 4.- ECG en repouso.

SOLICITUDE DO SERVIZO

Todos os clubs interesados en facer uso deste servizo deben enviar un mail a servizosmedicos@fgbalonman.com antes do luns 8 de agosto ás 20:00 horas. Unha vez revisadas todas as solicitudes e as localizacións dos clubs, dende os servizos médicos da FGBM organizaranse as visitas para un mellor aproveitamento dos desprazamentos dos facultativos, a data será fixada dende a FGBM.

En Vigo a 30 de xullo de 2021